

## NOTA DE PRENSA

# O Museo Casa da Troia abre de novo as súas portas esta fin de semana, o venres e o sábado

## Un total de 110 persoas visitaron o museo nas súas primeiras xornadas de apertura

*Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2015 (Vía Láctea Comunicación).*- O Museo Casa da Troia reabriu as súas portas a fin de semana pasada. Ao longo do mes de xuño e ata mediados de xullo poderá visitarse os venres e os sábados; os venres en horario de 11:00 a 14:00 horas polas mañás e de 16:00 a 22:00 horas polas tardes e os sábados de 11:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas. O resto do verán o museo abrirá no seu horario habitual, ata finais de setembro.

Na pasada fin de semana visitaron o museo un total de 110 persoas. A maioría foron composteláns e tamén turistas procedentes doutras comunidades autónomas, en particular Asturias, Soria, Xirona e Alacante. Do estranxeiro chegaron sobre todo de Porto Rico, Portugal e Alemaña. Ademais, un grupo de alumnos do 4º ciclo da Universidade de Santiago fixeron unha visita acompañados do profesor **Francisco Durán**, gran coñecedor da novela de Pérez Lugín e afeccionado ao museo.

O presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, **Benigno Amor**, destaca que “houbo bastante xente vestida dos anos sesenta”, con motivo da celebración da Festa da Memoria *50 Anos Aló*, organizada pola asociación cultural San Martiño Pinario. Neste sentido, **Amor** manifesta sentirse “satisfeito de poder colaborar co barrio” e amosa a súa “disposición para continuar axudando aos diferentes colectivos na organización de actividades de carácter histórico e cultural que favorezan á cidade de Santiago”.

**Benigno Amor** considera que o “bo resultado destas primeiras visitas” débese, en parte, “á gran demanda de usuarios a través das redes sociais”. Para o presidente de Antigos Tunos “o Facebook favorece a interacción de moitas persoas interesadas en coñecer o edificio”. Por outro lado, salienta que a visita ao museo pode ser unha actividade moi interesante para o público infantil “porque é un achegamento á historia da súa cidade e serve para que comprendan como se vivía sen luz, auga corrente ou Internet na época na que transcorre a historia da novela”.

### Visitas dramatizadas

O museo ofrece percorridos guiados en galego, castelán ou inglés pola antiga pensión de estudantes que inmortalizou Alejandro Pérez Lugín na súa célebre novela de 1915. E tamén se manterán as xa habituais visitas dramatizadas, de xeito que revivirá a figura de Dona Generosa, a patroa da vella pensión estudantil. No mes de xuño e ata mediados de xullo estas visitas teatralizadas terán lugar os venres ás 11:00 e ás 21:30 horas e os sábados ás 11:00 horas. Poden concertarse visitas para grupos chamando ao teléfono do Museo: **981 585 159**.